



# XEOGRAFÍAS DO VERSO

O verán avanza e andamos xa en tempo propicio para vagacencias lecturas, demoradas no descanso estival e as longas xornadas de luz. Como nesas es-

tamos, préstame hoxe recomendar poéticas visitas, así que velái van catro referencias inefundibles para espíritos *sommelier*, devecidos procuradores de alta literatura.

Dende as terras de Ribeira e baixo o selo artesanal da Colección Bourel —curivería fina onde as haxa— os bibliófilos de pro han atopado motivos más que suficientes para se congratular se dan localizado un dos con exemplares seríados e asinados por Xosé María Álvarez Cáccamo do seu “Manuscritos do ar”, autoescolma na que se recollen unha vintena de composicións de media ducia de títulos anteriores que foron agora, para cada volume, pregados, montados, cosidos e engomados un a un e á man, acompañándos, amais, de seis ilustracións orixinais do poeta-pintor para cada exemplar.

Son os de “Manuscritos do ar” poemas breves, alustros epifánicos da novena onda, marés de lúa pre-

ñe, do canto amigo de Vallejo e Novoneyra e áinda dos ecos todos e a memoria fluvial da infancia, do vendaval e o nordés en mari-daxe rememorativa. Plástica da verba, palabra visual como espelho autógrafo e velaino pousar de aírexas sobre o pa-

pel. Algo anterior no tempo máis non menos interesante comparece “Limaiaé”, do recoñecido narrador Antón Riveiro Coello. Editado polo Centro de Cultura Popular do Limia, neste volume de prosas líricas e poemas en prosa —pois de todo hai— sobrancean os magníficos gravados de Manolo Figueiras e o moi lirico prólogo de Delfín Casiciro, acaídios compañeiros de aventura creativa do de Xinzo. “Limaia é o agarimo da pequena patria ferida”, épica de cordoveas, atlas da memoria primixina, da (sub)stantia límica que asolaga a pel, carreiros de lembranzas que traen ata o presente as vellas fogueiras, os heroes veinguetos, a omnipresente Antioquia e tamén si os traballos e os días de fornadas, matanzas, feiras e verbenas de antano. Cosmos-Limia, Limaia ónfalos.

Dende lucidísima entraña metataliteraria espellea “Tigres como Fausto con ollos de bruma”, poemario co que o lucense Xavier Lama ficaba como accésit do último Premio Esquío. Versos fáusticos, drakkars negros encheitos de fulgores que asombran. Razón da medida do Tempo, cadoiro de infinitos, de sebas de mortal beluza entrecedidas de mitos e figuras clásicas e modernas, sombras de Montmartre e Maiakovski, de Goethe e os Dadá, o noso Manuel Antonio e Heidegger, pincess de Hopper ou Vermeer, ronsel de Pasolini e Caravaggio. Metraxe do Universo mundo, régula de existencia, sucesión, travesía e desvelo agónicos e sempre metafísicos.



Gravado de Manolo Figueiras para “Limaiaé”

Por remate, cos auspicios da Fundación Curros Enríquez ve lume “O oureño e o compás”, do celanovés Baldó Ramos, autor tamén para esta obra das fotografías que acompañan os textos. O poemario —que nunha edición de distribución limitada fora xa imprimado hai poucos meses polas xentes noiesas de Casa da Gra-

**“Velái van catro referencias para espíritos *sommelier*, devecidos procuradores de alta literatura”**

mática— é unha cartografía vivenciada, o lento do verso que abrocha dende a recordanza de roteiros sentimentais nos que todas as fascias fulguran patrias. Na entreluxir das augas mestas da Terra de ningures celsoemiliana e “O libro dos amigos” oteriano, ambos e dous compatriotas ourensaos de Ramos, xorden mananciais os banzos dun andar que o cor testemuño en letra na que ecoan poderosos dende o Val do Umia ata as terras mindonienses, dende os acios da sacra Ribeira ás landas senlleiras de Friol ou os esgrevios coidos fisterráns.

Se, como quería Friedrich Hebbel, a Humanidad soña por medio dos poetas, non debería frearnos reservar ningunha á hora de nos abismar na verba deliciosa e onírica de Cáccamo, Riveiro Coello, Lama e Ramos. O desafío da palabra está servido.

*Cáccamo*  
 Son filo de bruma  
 Sinfonia que profunda é o vicio do amor  
 E profundo é o sentimento  
 O sentimento que apela ao vicio de bruma  
 Quella que é o amor que apela sentimento  
 Esta profunda o apelo que é o amor que apela  
 Esta profunda o sentimento que é o amor que apela  
 Amor que é amor que apela sentimento  
 Fe profunda impensativa  
 De amor que apela sentimento

Poema autógrafo de Baldó Ramos inserido en “O oureño e o compás”